

**O CONCELLO DE PORTO DO SON PON EN MARCHA NOVAMENTE AS CLASES PARA A PREPARACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE DE NIVEL II.**

**As clases, de carácter gratuito, van ser impartidas por profesores/as do grupo de voluntariado do Concello.**

O Concello de Porto do Son vai poñer en marcha, no mes de xaneiro, unha nova edición das clases preparatorias para a obtención das competencias clave de nivel II, requisito indispensable para aquelas persoas que non teñen a ESO e que desexen acceder a accións formativas conducentes a certificados de profesionalidade (ex: cursos do servizo público de emprego, obradoiros de emprego, etc).

Durante os meses de xaneiro a maio, profesores/as voluntarios/as pertencentes ao grupo de voluntariado do Concello van axudar na preparación das materias de lingua galega, lingua castelá e matemáticas a todas aquelas persoas que desexen presentarse ás probas de acreditación das competencias clave de nivel II que se van celebrar, previsiblemente, a finais do mes de maio.

A distribución diaria e horaria das materias vaise facer en función do grupo de persoas interesadas en participar. Por este motivo, as persoas interesadas deben inscribirse na Área de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2ª andar) durante o mes de decembro.

Porto do Son, 3 de decembro de 2018.